

As cousas mudan co tempo

Xa levaba uns meses sen saír do meu carto, de súpeto abriuse a porta e comezaron a pasar homes coma formigas, ordenados e silenciosos, erguinme rapidamente e metinme no medio deles. Era un alivio deixar aquela cama co seu colchón moi delgado e o cuarto de baño. Tras unha camiñata longa por os corredoiros, onde pasamos por outros cuartos onde se podían ver como eran a través dos barrotes, algúns estaban ocupados e outros non. Finalmente chegamos a un comedor onde, outra vez, en fila collemos o xantar e sentámonos onde nos mandaban uns señores de uniforme que nos vixiaban., Alí atopei moitos dos meus compañeiros de aventuras. Pasamos xuntos anos que non esquecerei, ensináronnos moitas cousas: ler, gramática, matemáticas, contabilidade,... e outras moitas como orden e limpeza. Non vou a mencionar outras cousas que non me gustaron.

Unha maña cedo, antes do desfile das formigas, a miña porta abriuse e apareceron dous homes que me dixeron:”Antón, chegou o teu día”, seguinos por corredoiros que non coñecía e chegamos a unha zona onde me esperaba un oficial que me fixo firmar uns papeis e entregoume as miñas cousas, as cales deixei alí fai 20 anos. Abriuse unha porta, saín e pechouse tras min facendo un ruído atronador, a medida que camiñaba, deixaba atrás unha parte da miña vida. Subinme no coche do meu pai e puxemos rumbo a casa, no camiño observei cousas estrañas: os coches eran mais redondos, as estradas mais anchas, e a xente tiña uns aparellos pequenos cos que facían case de todo..., o chegar a nosa casa observei que os campos de millo desapareceran e agora alí había uns edificios moi altos.

Estaba claro que todos estes anos no cárcere fixéronme aprender unha lección que nunca esquecerei.....